



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**CONCELLO DA LARACHA**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA CATRO DE MARZO DO ANO  
DOUS MIL DEZASEIS**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 32 minutos do día catro de marzo do ano 2016, baixo a Presidencia do sr. alcalde, José Manuel López Varela e, coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

**PRESIDENTE**

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

**CONCELLEIROS**

**Grupo político municipal P.P.**

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M<sup>a</sup>. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

**Grupo político municipal B.N.G.**

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ





**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

**Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE**

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

**Grupo político municipal Mixto**

ANTONIO ANTELO AÑON

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora da Corporación, Rut Presas Pardo.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

O sr. alcalde pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2015.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando **aprobada** por **unanimidade dos membros presentes.**

**2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS EXPEDIENTE 2/2016.-**

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o día 29 de febreiro de 2016, na que se





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

deu conta do expediente formado e do Informe de Intervención en relación co asunto do epígrafe.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que vaise a abster como xa sinalou na Comisión Informativa.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, sinala que tamén o seu grupo vaise a abster.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo municipal do BNG, adiante que tamén se absterán, explicando que aínda que nalgún caso son facturas que chegaron tarde e non haxa outra forma, a interventora no seu informe di que hai que procurar outra maneira de xestionar.

O sr. alcalde explica que son facturas de obras do ano pasado que poderían terse previsto no orzamento 2016 e xa o trámite de aprobación sería outro, pero non foron e este é o trámite que corresponde.

Visto o informe da interventora, o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adopta, **por doce (12) votos a favor correspondentes aos concelleiros do grupo político municipal do PP e cinco (5) abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto**, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos seguintes:

Provedor	Nº factura	Concepto	Aplicación orzamentaria		Importe (€)
CONSTRUCCIONES DÁMASO		MELLORA CAPA RODADURA DE CAMIÑO NA PARROQUIA DE	453	61900	4334,93



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

FERREIRO E HIJOS, S.L.	M-2015.23	CABOVILAÑO			
GALLEGA DE CIMENTACIÓN Y ESTRUCTURAS, S.L.	FE015 13.00	AFIRMADO E MELLORA CAPA DE RODADURA DO CAMIÑO RURAL IGREXARIO-CRUCHE DE NOGÁN	453	61900	8100,09
LISCARMON, S.L.	12	ACONDICIONAMENTO PARCELA PARA ESPAZO PÚBLICO-SOUTULLO	171	61900	11681,17

**SEGUNDO.-** Aplicar, con cargo ás aplicacións orzamentarias 453/61900 e 171/61900, nas súas bolsas de vinculación, do Orzamento do exercicio 2016, os correspondentes créditos, ao non estar afectos a día de hoxe a ningún compromiso de gasto.

**3.- DECLARACIÓNS DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL AO FIN DE  
OBTER A BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E  
OBRAS REGULADA NO ART. 6 DA ORDENANZA FISCAL N° 17.-**

Neste momento, sendo as 13 horas e 36 minutos, o sr. Souto Pena, concelleiro do grupo político municipal do P.P., manifesta que abandonará durante a deliberación e votación do presente asunto o seu asento no salón de sesións ao incorrer en causa de abstención recollida no art. 28.2 a) da *Ley 30/1992, de 26 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común*, procedendo a abandonar o seu asento no salón de sesións durante o presente asunto e incorporándose a sesión posteriormente (art. 39 do Regulamento Orgánico Municipal e art. 76 da *Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local*).





### Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o día 29 de febreiro de 2016, na que se deu conta do expediente iniciado ao abeiro do artigo 6º da Ordenanza Fiscal número 17, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que prevé a posibilidade de conceder bonificacións na cota do imposto a aquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, declaración, así como o outorgamento da bonificación, que corresponde ao Pleno do Concello, previa solicitude do interesado.

O secretario informa que dúas persoas físicas presentaron solicitude de bonificación da cota do imposto das obras que especifican.

Na proposta do sr. alcalde maniféstase que considera que as obras cumpren coas condicións detalladas no artigo 6º da ordenanza para ser susceptibles da declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como para obter a correspondente bonificación fiscal.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que votará a favor ao contar con informes favorables da arquitecta técnica municipal.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, sinala que o seu grupo vaise a abster.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo municipal do BNG, adiante que tamén se absterán ao tratarse de elementos que non están especialmente protexidos.

Vistos os informes da arquitecta técnica municipal e o informe da interventora da Corporación, o asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adopta, **por doce (12)**



Documento firmado digitalmente. CVD: sONvYSmsjfiGHGDavafk  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:31 página/s. Página 5 de 31.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**votos a favor correspondentes aos concelleiros dos grupos políticos municipais do PP e Mixto e catro (4) abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG e dos Socialistas de Galicia-PSOE, o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a declaración de especial interese ou utilidade municipal polas causas detalladas no anexo, así como as bonificacións no Imposto sobre construcións, instalacións e obras nas porcentaxes que se especifican en cada caso.

**Anexo**

Solicitante	Data Solicitud	Obra	Causa Art. 6º O. F. 17ª	% Bonificación
José Luís Zamora Andrade	12/02/2016	Reparacións en inmo- bile sito en Borreiros, Soandres.	Aptdo. c): Reparación e conservación de inmo- bles declarados de interese cultural ou incluídos nun catálogo municipal como de protección urbanística integral. Bonificación 75%. Cando os bens catalogados gocen de protección non íntegra aplicarase unha bonificación do 50%.	50%
Jesús Souto Pena	17/02/2016	Reforma anexo vivenda unifamiliar en Cumiáns, Montemaior	Aptdo. c): Reparación e conservación de inmo- bles declarados de interese cultural ou incluídos nun catálogo municipal como de protección urbanística integral. Bonificación	50%





**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

			75%. Cando os bens catalogados gocen de protección non íntegra aplicarase unha bonificación do 50%.	
--	--	--	---	--

Sendo as 13 horas e 38 minutos, reincorpóranse á sesión o sr. Souto Pena.

**4.- RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN INTERPOSTO DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DE 31 DE XULLO DE 2015 NO QUE SE DESESTIMA O RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR ANA MARÍA CANDAME CAAMAÑO CONTRA O ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO EPÍGRAFE 1 GRUPO C: CAMIÑOS, DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS.-**

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno na sesión celebrada o día 1 de marzo de 2016, na que se deu conta do expediente formado no que consta que:

- O Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 25 de marzo de 2015 acordou: a estimación ou desestimación das alegacións de conformidade coa motivación recollida no “informe das alegacións e erros ao documento de aprobación inicial” redactado polo enxeñeiro técnico Agrícola, José Pombo Boquete, colexiado nº 1579 do Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas da Coruña e Pontevedra; rectificar de conformidade co art. 105 da LRXAP, os erros advertidos polo técnico redactor durante o período de exposición pública do expediente; aprobar definitivamente a modificación do Epígrafe 1, Grupo C: Camiños, do Inventario Municipal de Bens, substituíndo ao Inventario de Camiños Rurais do Concello da Laracha aprobado polo Pleno en sesión do 14 de maio de 1999 (que modificou o aprobado en sesión de data 20 de marzo de 1995 en base aos Inventarios de Vías Públicas Municipais existentes aprobados polo Pleno da Corporación en sesións do 31 de xaneiro





### Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

de 1990 e 20 de marzo de 1991) e aprobar como criterio interpretativo para a resolución de discrepancias que puideran xurdir en relación coas lonxitudes ou largos dos camiños durante a vixencia do Inventario a prevalencia da cartografía sobre a base de datos que serve de soporte ás fichas individuais dos camiños.

- O 11 de xuño de 2015 (registro de entrada nº 3324) Ana María Candame Caamaño presenta recurso de reposición requirindo a retirada do inventario dos camiños 5034 e 5034.1 ao entender que forman parte da súa propiedade a cuxo fin achega sentenza da Audiencia Provincial da Coruña, certificado do concello da Laracha, informe pericial, escrituras de propiedade e nota do Rexistro da Propiedade.
- O 22 de xullo de 2015 o secretario da Corporación emite informe xurídico no que se incorpora proposta de resolución, que foi asumida polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 31 de xullo de 2015, acordando desestimar o recurso de reposición interposto coa motivación recollida no informe emitido polo secretario da Corporación.
- O 18 de novembro de 2015 (registro de entrada nº 6843) Ana María Candame Caamaño presenta recurso extraordinario de revisión ao abeiro do artigo 118.1ª da LRXAP aducindo erro de feito (que segundo o mesmo artigo debe resultar dos propios documentos incorporados ao expediente), ao incluír os camiños 5034 e 5034.1 no Inventario.
- O 24 de febreiro de 2016 o secretario da Corporación emite informe xurídico no que se incorpora proposta de resolución coa seguinte motivación:
  - *Como xa se ten manifestado nos distintos informes que obran no presente expediente, para a consideración das referencias expresas que na documentación houbera a lindeiros con “camiños”, partíuse dos camiños reflectidos no inventario anterior/es aprobados polo concello da Laracha e púxose en relación coas presuncións de serventía que sinala o artigo 78 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia, aínda que se incorporaron ao inventario aqueles casos nos que a documentación fai referencia expresa a “camiño público” e véase apoiada por outro indicio de*







**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*demanialidade como a cartografía que se empregou na elaboración do documento técnico (ortofotos do voo americano, PNOA 2003 e seguintes, Catastro do 1957, 1999 e actual) que motivou a incorporación de novos camiños ao inventario que non estaban reflectidos no inventario anterior, ao entender que destrúe a presunción, como o presente caso dos camiños 5034 e 5034.1. Este criterio vese refrendado pola sentenza do xulgado do contencioso nº 1 da Coruña no procedemento abreviado 338/2015 interposto por outro veciño da Tabeira contra o acordo do Pleno do 31 de xullo de 2015 no que se estimou un recurso acordando incorporar un camiño en tanto que no fundamento de dereito segundo manifesta que para incorporar un ben ao inventario son suficientes meros indicios da titularidade pública do ben pero que serán de entidade e peso suficientes para apoiar a presunción, indicando que estes indicios existen “a vista da documentación da concentración parcelaria de Golmar Soutullo e do catastro de 1957 ao aparecer un camiño entre a parcela 51 e 29 e a 31 de resultado ten saída a camiño, razóns polas que a resolución, sen prexuízo da súa impugnación na vía civil en mellor dereito, resulta axustada a dereito”.*

*Dito o anterior, a sra. Candame aduce erro de feito baseado en que:*

- *Non se ten por probada a propiedade da recorrente sobre os terreos porque a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña 468/2011 revoca a sentenza ditada en primeira instancia o 4 de novembro de 2009 polo xulgado de 1ª instancia de Carballo, xa que aínda que non exista vinculación do fallo por non ser firme, existe unha resolución que se pronuncia sobre o fondo do asunto considerando que os terreos polos que discorren os supostos camiños incluídos no Inventario son de titularidade privativa da sra. Candame (fdto. xco. 1º). **Non sendo determinante nin vinculante** como mesmo afirma a recorrente, **terase en conta o sinalado no fundamento xurídico 1º da sentenza do 4 de novembro de 2009 no que puidera apoiar a existencia do erro de feito alegado**, fundamentalmente na parte descritiva dos títulos que mesmo non estean doutro xeito incorporados ao expediente.*
- *Alega tamén a escritura de partición hereditaria pola que Dosinda Caamaño Martínez adquiriu*



Documento firmado digitalmente. CVD: sONvYSmsjfiGHGDAvafk  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:31 página/s. Página 9 de 31.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

en 1963, o primeiro cupo da mesma, da que resulta que a era de mallar e hórreo de Dosinda Caamaño Martínez, hoxe tamén pertencente á sra. Candame, linda polo Leste con pozo de auga potable e corral que se adxudica á súa irmá María Ofelia (hoxe sería o patio da finca da recorrente). **Non se pode ter en conta este documento pois o posible erro non se infire dun documento incorporado ao expediente que permitiría motivar un recurso extraordinario de revisión.**

- Da escritura de doazón outorgada por María Ofelia Caamaño Martínez a favor da recorrente, reflicte unha extensión superficial de 308 m2 dos que pertencen á casa 104 m2 que son tamén os que constan no Rexistro da Propiedade, sendo os lindes do inmovible, Sur con camiño público, pero tamén finca desta pertenza (é dicir o patio aludido) e horta de Dosinda Caamaño Martínez, muro da horta en medio (finca nº 25 da concentración parcelaria). **A referida descrición recóllese tamén no fundamento xurídico 1º da sentenza do 4 de novembro de 2009.**
- Do título da finca nº 25 da concentración parcelaria resulta que linda ao sur e leste con camiño, pero non ao norte, onde colinda coa zona urbana de Tabeiras, é dicir, o patio da recorrente. **Esta é unha afirmación que non queda corroborada documentalmente pois a zona urbana pode ser tamén o camiño público en tanto que como zona excluída da concentración os títulos derivados desta non definen expresamente os bens que forman parte desa zona urbana, sexan camiños públicos ou bens de natureza privada, conclusión á que tamén nos levan o plano base da concentración parcelario (levantamento cartográfico previo á concentración parcelaria de Golmar Soutullo nos que se reflicte un camiño polo norte do que logo será a parcela de resultado nº 25) .**
- Cuestiona o rigor dos planos do Catastro do 1956 para dubidar da existencia dun camiño de norte a sur, ao que engade que en 1979 houbo unha concentración parcelaria eliminando o camiño que viña do leste cara a zona de Tabeiras pola pista de concentración parcelaria construída ao sur, afirmando que o camiño morre no patio da sra. Candame, motivando a conclusión en que o camiño deixa de ter eixo ao chegar e ese punto, e sen deixar fincas





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*encravadas. Sen prexuízo das dúbidas que lle puidera ofrecer á recorrente o rigor da planimetría de 1956, como xa dixen en informes precedentes no catastro actual segue a existir un camiño atravesando de norte a sur o núcleo da Tabeira e ademais constitúe un indicio de “entidade e peso suficiente” como recoñece a sentenza referida do xulgado do contencioso administrativo nº 1º.*

- *A consideración do terreo como camiño público deixaría a finca con 104 m2 e non 308 m2 que son os que constan no Rexistro da Propiedade, que ten presunción de veracidade mesmo sobre os catastrais segundo o artigo 3.3 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004. A presunción sinalada no Texto Refundido da Lei do Catastro refírese a que “os pronunciamentos xurídicos” do Rexistro da Propiedade prevalecen sobre o Catastro e, a superficie non é un pronunciamento xurídico senón unha característica física do inmovible, de xeito que os datos do Catastro en relación á superficie se presumen certos, salvo proba en contrario, proba que non a constitúe por si soa e fronte ao Catastro a inscrición no Rexistro da Propiedade, en tanto que o Rexistro non fai unha verificación física da descrición que recibe dos títulos notariais que teñen acceso ao mesmo, senón que segundo se describa a finca na escritura así será rexistrada. En liña co anterior, non queda acreditado que a diferenza de metros estea no pretendido camiño e non noutros inmobles cos que linda a parcela da recorrente e ademais non se entende que, se é así, non se tivera instado a modificación catastral, por outra parte obrigada para os titulares segundo o propio Texto Refundido da Lei do Catastro.*

*Sen prexuízo de que os erros de feito alegados pola recorrente quedan rebatidos no presente informe e polo tanto procede a súa desestimación, o certo é que non se pode obviar que a sentenza ditada en primeira instancia o 4 de novembro de 2009 polo xulgado de 1ª instancia de Carballo declarou no fundamento de dereito primeiro que “á vista da proba practicada estímase acreditado que a actora é propietaria do patio pertencente á finca descrita no feito primeiro da demanda coa extensión, configuración e lindes que se describen no informe acompañado coa demanda, sen que se teña acreditado que en dita superficie se teña englobado un camiño público” e que aínda que non vincula ao*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*concello da Laracha (tal e como reconece a recorrente) si é un indicio tamén suficiente para acordar o exercicio dunha acción declarativa de dominio ante a orde xurisdiccional civil de cara a aclarar a titularidade desa porción de terreo, porque o que non é menos certo é que os Inventarios municipais de bens, como recorda a sentenza do xulgado do contencioso administrativo nº 1 da Coruña referida “nin proban, nin crean, nin constitúen dereito algún a favor das Corporacións, sendo o seu único cometido crear unha aparencia de demanialidade que nin prexulga nin exclúe as accións que podan exercitarse ante a xurisdición civil por parte de quen se crea dono ou con mellor dereito” polo que, sendo a recorrente titular rexistral, semella que o correcto é que sexa o concello da Laracha quen exerza esa acción xudicial”.*

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno adopta, **por doce (12) votos a favor correspondentes aos concelleiros do grupo político municipal do PP e cinco (5) abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto**, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Desestimar o recurso extraordinario de revisión interposto por Ana María Candame Caamaño alegando erro de feito ao incluír no **EPÍGRAFE 1, GRUPO C: CAMIÑOS, do INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS** os camiños 5034 e 5034.1, coa motivación recollida no informe emitido polo secretario da Corporación.

**SEGUNDO.-** Acordar o inicio dunha acción declarativa de dominio ante a orde xurisdiccional civil de cara a aclarar se a aparencia de demanialidade que supón a inclusión no Inventario Municipal de Bens dos camiños 5034 e 5034.1, inclúe o patio que Ana María Candame Caamaño reclama da súa propiedade, coa que os camiños colindan.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo á interesada con indicación de que o presente acordo pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día da publicación/notificación do presente acordo (artigos 8 e 46 da *Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

la jurisdicción contencioso administrativa).

**5.- DEIXAR SEN EFECTO A APROBACIÓN PROVISIONAL DA ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO. CAMIÑO 12021.1 DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS ACORDADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN SESIÓN ORDINARIA DO 25 DE SETEMBRO DE 2015.-**

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno na sesión celebrada o día 1 de marzo de 2016, na que se deu conta do expediente formado no que figura a proposta do sr. alcalde do 24 de febreiro de 2016 na que consta:

- O pleno da Corporación en sesión extraordinaria do 5 de novembro de 2014 aprobou inicialmente a modificación do EPÍGRAFE 1, GRUPO C: CAMIÑOS, do INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS, substituíndo ao Inventario de Camiños Rurais do Concello da Laracha aprobado polo Pleno en sesión do 14 de maio de 1999 (que modificou o aprobado en sesión de data 20 de marzo de 1995 en base aos Inventarios de Vías Públicas Municipais existentes aprobados polo Pleno da Corporación en sesións do 31 de xaneiro de 1990 e 20 de marzo de 1991).
- Durante o período de información pública de 20 días hábiles computados a partir do día seguinte ao da efectiva publicación do anuncio no BOP (n° 219 do 14/11/2014) foron presentadas 58 alegacións de las que 5 (registros de entrada n° 6419, 6462, 6463, 6465, 6466 e 6546) refírense ao camiño 12021.1.
- O enxeñeiro técnico Agrícola, José Pombo Boquete, colexiado n° 1579 do Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas da Coruña e Pontevedra, informou as alegacións, proponendo a súa estimación ou desestimación, e asemade fai proposta de subsanación de erros advertidos no documento técnico aprobado inicialmente e de criterio interpretativo para solventar discrepancias e/ou discordancias que poidan xurdir entre a documentación gráfica e as fichas dos camiños. En





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

relación coas alegacións relativas ao camiño 12021.1 propúxose a estimación das alegacións 6419, 6462, 6463 6465 e 6466 que propoñían a modificación do seu trazado e a desestimación da 6546 que propoñía o mantemento do trazado aprobado inicialmente porque o camiño polo lindeiro da parcela é como de feito se está a utilizar na actualidade para o acceso ao paseo fluvial evitando así que o trazado do camiño atravesase a súa parcela, interesando noutro caso a desafectación do referido camiño para a súa permuta xa que o “camiño real” é intransitable na actualidade e divide a finca en dúas. Engade como fundamento da súa solicitude que ademais calquera finca da zona ten na actualidade acceso para persoas e vehículos pola estrada da Cheda e pola dos Muíños, polo que ninguén estaría prexudicado pola permuta proposta. O enxeñeiro que informa as alegacións engade que “o trazado proposto na aprobación inicial non prexudicaba o desenrolo da actividade nin a perda do valor potencial das parcelas e do seu contorno, polo que poderase propoñer ao Concello ou este iniciar de oficio un expediente de desafectación para a súa supresión e/ou modificación do trazado, ou outras alternativas que se acomoden á normativa vixente”.

- O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 25 de marzo de 2015, aprobou definitivamente a modificación do EPÍGRAFE 1, GRUPO C: CAMIÑOS, do INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS, substituíndo ao Inventario de Camiños Rurais do Concello da Laracha aprobado polo Pleno en sesión do 14 de maio de 1999 (que modificou o aprobado en sesión de data 20 de marzo de 1995 en base aos Inventarios de Vías Públicas Municipais existentes aprobados polo Pleno da Corporación en sesións do 31 de xaneiro de 1990 e 20 de marzo de 1991), estimando/desestimando as alegacións presentadas de conformidade coa motivación recollida no “informe das alegacións e erros ao documento de aprobación inicial” redactado polo enxeñeiro técnico Agrícola, José Pombo Boquete, colexiado nº 1579 do Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas da Coruña e Pontevedra, incorporando ao documento técnico os resultados derivados das mesmas, e que foron notificadas a todos os interesados.
- O acordo de aprobación definitiva foi publicado no BOP nº 86 do 11 de maio de 2015.
- O 21 de abril de 2015 (rexistro de entrada nº 2100) Manuel María Pazos Bello con DNI nº 76281299M presenta escrito no que reitera o xa alegado á aprobación inicial da modificación do





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

inventario (registro de entrada nº 6546) manifestando ser propietario da finca “Leira do Pachareco” sita no lugar de Leborís atravesada por un “camiño real” interesando a desafectación do referido camiño para a súa permuta por un que iría polo lindeiro da parcela tal e como de feito se está a utilizar na actualidade para o acceso ao paseo fluvial xa que o “camiño real” é intransitable na actualidade e divide a finca en dúas. Engade como fundamento da súa solicitude que ademais calquera finca da zona ten na actualidade acceso para persoas e vehículos pola estrada da Cheda e pola dos Muíños, polo que ninguén estaría prexudicado pola permuta proposta.

- Por providencia de Alcaldía de 15 de setembro de 2015, incóase expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público, xustificando a oportunidade e legalidade da medida na necesidade de que adquiran a condición de bens patrimoniais para poder proceder á súa permuta co solicitante, en tanto que permitiría obter un mellor acceso ao paseo fluvial xa que o interesado ofrece a posibilidade de dispor dun camiño en mellores condicións: “deixando a criterio dos técnicos municipais, o largo de dito camiño, [...] e sería utilizable ata por un vehículo”.
- O Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 25 de setembro de 2015 aprobou provisionalmente a alteración da cualificación xurídica do ben inmovible co fin de cambiar a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.
- O acordo de aprobación provisional publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 191 do 06/10/2015) e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de un mes.
- Sen prexuízo de ter transcorrido o prazo de 1 mes de exposición pública, o 16 de novembro de 2015 (registro de entrada nº 6807) Manuel María Pazos Bello con DNI nº 76281299M presenta escrito no que manifesta que “*xa non me interesa, nin quero que se faga*” polo que desiste da súa solicitude.
- O artigo 90.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común que di “todo interesado poderá desistir da súa





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

solicitude, ou cando iso non este prohibido polo Ordenamento Xurídico, renunciar aos seus dereitos”.

En conformidade co artigo 91.2 da Lei 30/1992 que di que: “*a Administración aceptará o desestimiento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento* ” e, dada finalidade para a que foi instruído o presente expediente, o asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno adopta, **por catorce (14) votos a favor correspondentes aos concelleiros dos grupos políticos municipais do PP e B.N.G. e tres (3) abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos políticos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto**, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aceptar o desestimento da solicitude presentada por Manuel María Pazos Bello con DNI nº 76281299M e declarar concluso o procedemento iniciado para a alteración da cualificación xurídica do camiño público 12021.1 do INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS (Epígrafe 1, Grupo C: Camiños).

**SEGUNDO.-** Deixar sen efecto o acordo de aprobación provisional a alteración da cualificación xurídica do ben inmovible adoptado polo Pleno da Corporación o 25 de setembro de 2015.

**TERCEIRO.-** Publicar o presente de acordo no *Boletín Oficial da Provincia*

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Manuel María Pazos Bello con DNI nº 76281299M comunicándolle que contra esta Resolución poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta notificación (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa) ou interpoñer con carácter previo á interposición do recurso contencioso administrativo, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o propio órgano que ditou o acordo, no prazo dun mes, en cuxo caso, o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución desestimatoria, se fora expresa, ou despois da súa desestimación tácita, que se producirá si, no prazo dun mes, non se resolve o recurso de reposición



Documento firmado digitalmente. CVD: sONvYSmsjfiGHGDVAafK  
